

1. LÍRICA PROFANA (II)

- CANTIGAS DE ESCARNIO E
MALDICIR

- XÉNEROS MENORES

2. LÍRICA RELIXIOSA

CANTIGAS DE SANTA MARÍA

3. PROSA MEDIEVAL

1. LÍRICA PROFANA (II)

1.1. CANTIGAS DE ESCARNIO E MALDICIR CARACTERIZACIÓN XERAL

- **Que son?**

Composicións que critican usos e costumes da época medieval. As cantigas de escarnio non fai unha crítica tan directa como as de maldicir.

- **Cal é a súa orixe?**

O xénero occitano (proveniente do Sur de Francia) denominado sirventés.

TEMAS DAS CANTIGAS DE ESCARNIO E MALDICIR

- **Sátira política:** céntrase en conflitos bélicos medievais como:

- Guerra entre Sancho II de Portugal e o seu irmán, o conde de Boloña, polo trono portugués.
- Enfrontamento entre Afonso X e os musulmáns na guerra de Granada.

- **Sátira literaria:** parodia do amor cortés e burla do estilo compositivo ou interpretativo dos trovadores e xogares.

- **Sátira moral:** as composicións con esta temática son as máis próximas ao sirventés provenzal porque teñen intención didáctica. Fan un reflexión sobre os vicios máis estendidos da época.

- **Sátira social:** ridiculízanse certos estamentos sociais, principalmente os infanzóns (nobres arruinados).

- **Sátira de costumes:** fan burla das crenzas na adiviñación ou na astroloxía, de xeitos de vestir...

- **Sátira sexual:** satirizan o adulterio, a homosexualidade, a promiscuidade...

1.2. XÉNEROS MENORES

- **Tenzón:** texto dialogado entre dous trobadores que poden discutir sobre amor, habilidades poéticas... O primeiro en intervir marca o esquema métrico e a rima, o outro séguelo.
- **Pastorela:** composición que relata o encontro entre un cabaleiro e unha pastora nunha natureza idealizada (*locus amoenus* = lugar ameno).
- **Pranto:** composición que mostra a dor causada polo falecemento dunha persoa nobre, nela faise referencia ás súas virtudes.
- **Lai:** poema lírico ou narrativo composto para ser acompañado dunha arpa.

1. LÍRICA RELIXIOSA (CANTIGAS DE SANTA MARÍA)

- **Que son?** 427 composicións escritas na 2ª metade do século XIII na corte do rei Afonso X, o Sabio.
- **Autoría:** do rei Afonso X partiu, seguramente, a idea orixinal desta obra e a supervisión da súa produción, ademais é o autor directo dalgunha das cantigas; pero sábese que trovadores, segreis e xograres participaron na redacción destas.

- Clasificación:

- Cantigas líricas: recollen gabanzas e oracións dedicadas á Virxe, presentada como un modelo de perfección moral e espiritual.
- Cantigas narrativas: nelas aparece un personaxe que é recompensado pola súa devoción cristiá ou que necesita axuda da Virxe. Preséntase un milagre.
- Outras: recrean episodios da vida da Virxe.

3. PROSA MEDIEVAL

- Máis tardía que a lírica (os primeiros textos da prosa medieval galego-portuguesa son de finais do século XIII).
- A maioría das obras en prosa son traducións doutras escritas noutras linguas romance, isto pon de manifesto a conexión entre a literatura galego-portuguesa e outras literaturas europeas.

- **Clasificación:**

- Prosa literaria:

- **Obras pertencentes ao ciclo artúrico:** desenvolven a materia de Bretaña (lendas sobre o rei Artur). Exemplos: fragmentos do *Libro de Merlín*, fragmentos do *Libro de Tristán* ou *A demanda do Santo Graal*.
- **Obras pertencentes ao ciclo troiano:** desenvolven a materia de Roma centrándose na guerra de Troia. Exemplos: *Crónica troiana* e *Historia troiana*.
- **Obras pertencentes ao ciclo carolinxio:** desenvolven a materia de Francia (historias do emperador Carlomagno e do cabaleiro Roldán). Exemplo: unha parte da obra *Mirages de Santiago*.

- Prosa non literaria:
 - **Prosa haxiográfica:** textos centrados na vida de santos. Exemplo: *Miragres de Santiago*.
 - **Prosa tabeliónica:** textos de carácter lexislativo, manuais, regulamentos, escritos notariais... Exemplos: *Tratado de albeitaria...*
 - **Prosa historiográfica:** textos que narran, en moitas ocasións, vidas e fazañas de reis mesturando a realidade coa fantasía. Exemplos: *Crónica xeral galega, Crónica galega de 1404...*